

Informes



# COOPERATIVISMO AGRARIO GALEGO: CIFRAS BÁSICAS

.....  
*Nº 1 · Maio 2023*



# COOPERATIVISMO AGRARIO GALEGO: CIFRAS BÁSICAS

## 1. INTRODUCCIÓN

Este traballo forma parte do proxecto *Informe SAVES das Cooperativas Agrarias Galegas*, realizado entre a Universidade de Vigo e a *Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias*, (AGACA), financiado pola convocatoria 2022 da *Rede Eusumo*. Unha das tarefas a realizar no marco deste proxecto é identificar as necesidades de información das cooperativas agrarias galegas e deseñar conxuntamente informes específicos.

Esta necesidade xorde porque na actualidade carecemos dun informe que nos mostre a situación e evolución do cooperativismo galego. Nestes momentos non é posible elaborar estes informes a partir da información accesible nas webs públicas das fontes oficiais. O *Mapa de Cooperativas da Consellería de Promoción e emprego e Igualdade* ofrece fundamentalmente datos identificativos das cooperativas. A mesma información está dispoñible no *Catálogo de entidades de economía social*, que depende desa mesma consellería.

Dende o ano 2019, o *Centro de Estudos Cooperativos da Universidade de Santiago de Compostela (CECOOP)* vén realizando un esforzo por cuantificar o peso da economía social en Galicia, primeiro no *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, e posteriormente no *Informe da Economía Social de Galicia*, ata agora dende o ano 2019 ao 2021. Este Informe dedica un capítulo específico ás sociedades cooperativas galegas e recolle nas súas páxinas cifras de evolución, que se nutren fundamentalmente do Rexistro de Cooperativas de Galicia, e, en menor medida, do Instituto Galego de Estatística, do Directorio Central de Empresas do INE (DIRCE) e do Ministerio de Traballo. A publicación é un bo

exemplo da información accesible das cooperativas galegas, a saber: número de cooperativas, desagregación por provincia e por clase, antigüidade, evolución anual do número de cooperativas constituídas, etc..

A cuantificación económica e financeira das cooperativas en Galicia require analizar a fondo as memorias das cooperativas. Tal traballo foi realizado inicialmente no *Libro Branco da Economía do Cooperativismo en Galicia 2004*, con datos das memorias do ano 2001, e durante varios anos nas diferentes edicións do informe *Cooperativas de Galicia: Informe de Síntese*. Dende o último *Informe de Síntese*, publicado no ano 2013 e con datos do 2010, non dispoñemos de ningún traballo similar.

A partir do ano 2019 a Universidade de Vigo retomou este labor de analizar as memorias depositadas polas cooperativas no Rexistro de Cooperativas de Galicia. Parte dos resultados están públicos no *Asistente Virtual SAVES*. Nesta web pode consultarse a situación e evolución económico-financiera das sociedades cooperativas galegas. A información pode desagregarse por principais clases de cooperativas para o período 2009-2015. En breve publicarase a información ampliando o período ata o ano 2020.

A colaboración actual entre a Universidade de Vigo e AGACA permítenos presentar neste documento un primeiro avance das cifras básicas do cooperativismo agrario galego. Os resultados ofrecidos teñen por agora un carácter provisional. A versión final deste traballo debería servir de base para elaborar outros informes do propio sector agrario, pero tamén será unha referencia para outras clases de cooperativas.

## 2. CUESTIÓNS METODOLÓXICAS PREVIAS

O número de cooperativas que cumpre habitualmente coa obriga do depósito de contas está sensiblemente por debaixo do número total de cooperativas rexistradas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, o que dificulta a elaboración dunha serie homoxénea ao longo do tempo. Existe, ademais, un desfase temporal dende o momento de cese de actividade dunha cooperativa ata a súa baixa efectiva no rexistro. Estas circunstancias provocan que calquera base de datos que se nutra desta información oficial teña que adoptar certos supostos metodolóxicos para acadar resultados coherentes coa realidade. No noso traballo resaltamos dous aspectos metodolóxicos:

- 1) Emprégase a información identificativa básica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra que figuran como activas no ano 2022 segundo o Rexistro de Cooperativas de Galicia, a efectos de ter unha visión xeral o máis recente posible da realidade do cooperativismo agrario. Neste caso contamos coa información de 379 cooperativas agrarias (Cadro 1).
- 2) Emprégase a información da base de datos de SAVES ata o ano 2020 para os estudos que precisan de datos procedentes das memorias depositadas no rexistro. Resulta moi complicado manter unha mostra estable de empresas polas limitacións xa

comentadas. En consecuencia, o número de cooperativas empregadas variará en función dos datos dispoñibles. En cada análise realizada indícarase sempre o número de empresas estudado.

**CADRO 1: Cooperativas inscritas no rexistro (2022)**

| Clase  | Nº de cooperativas |
|--|--------------------|
| Cooperativas agrarias                            | 328                |
| Cooperativas de explotación comunitaria da terra | 51                 |
| Total  | 379                |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

Con todo o exposto, o número de cooperativas agrarias inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia é de 379, das que 329 son cooperativas agrarias e 51 de explotación comunitaria da terra (Cadro 1).

Entre estas empresas atópanse tanto cooperativas con actividade real como outras sen actividade, e incluso figuran aquelas cooperativas que están en proceso de liquidación, pero que non procederon á súa disolución. Ademais, como xa se comentou, existe unha fenda importante entre o número de cooperativas rexistradas e as que depositan as súas contas no Rexistro de Cooperativas de Galicia. De acordo coa información dispoñible en SAVES, o número de cooperativas agrarias que cumpriron co depósito móvese entre as 166 cooperativas en 2020 e as 240 do ano 2015 (Cadro 2).

**CADRO 2: Número de cooperativas con memorias depositadas e dispoñibles en SAVES (2015-2020)**

|  | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| Cooperativas agrarias                            | 212  | 207  | 191  | 169  | 161  | 144  |
| Cooperativas de explotación comunitaria da terra | 28   | 26   | 25   | 20   | 24   | 22   |
| Total  | 240  | 233  | 216  | 189  | 185  | 166  |

Fonte: Base de datos SAVES

Esta tendencia de redución no número de memorias depositadas non garda relación coa evolución no número de cooperativas agrarias activas. Tras a revisión das memorias, obsérvase un número significativo de

cooperativas que non depositaron contas nos últimos anos, pero existe constancia de que realmente están activas. Trátase de empresas que, nalgúns casos, teñen unha elevada facturación e un considerable número de

persoas socias, o que pode afectar á representatividade dos nosos resultados.

### 3. Distribución territorial das cooperativas agrarias en Galicia

A distribución xeográfica das cooperativas galegas non é homoxénea, nin nas provincias galegas nin nos seus concellos.

Entre A Coruña e Lugo contan co 67,8% das cooperativas agrarias. Por provincia, a maioría pertencen a A Coruña, cun total de 155 cooperativas, que representan o 40,9% do total. En Lugo o número tamén supera o centenar (102 cooperativas), que supoñen algo máis dunha cuarta parte do total (26,9%). A maior concentración nas provincias do norte responde á maior tradición agrícola e de asociación en cooperativas destas provincias. En canto ás provincias do sur, en Pontevedra o número destas empresas é de 72, sendo Ourense a provincia con menor número de cooperativas (Cadro 3).

| CADRO 3: Cooperativas agrarias por provincia (2022) |        |            |
|---|--------|------------|
| Provincia   | Número | Porcentaxe |
| A Coruña  | 155    | 40,9%      |
| Lugo  | 102    | 26,9%      |
| Ourense   | 50     | 13,2%      |
| Pontevedra  | 72     | 19,0%      |
| Total   | 379    | 100,0%     |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

Como cabía esperar, tamén poden existir importantes diferenzas entre provincias no compromiso das cooperativas no intre de realizar o depósito de contas no Rexistro. En termos xerais, cremos que o compromiso administrativo das cooperativas en relación co depósito de contas no Rexistro de Cooperativas de Galicia das provincias de A Coruña e Pontevedra (costa), é superior ao das cooperativas de Lugo e Ourense (interior). Este maior compromiso pode deberse á percepción de proximidade e mesmo a un asesoramento e apoio maior recibido polas mesmas nunhas provincias en relación a outras. Ademais, posiblemente incidan tamén no número de cooperativas o diferente nivel de

desenvolvemento do medio rural das provincias galegas en relación cos servizos e apoios públicos ás producións agrarias e gandeiras. Neste senso, un maior desenvolvemento do medio rural posibilita unha maior existencia de explotacións pequenas e medianas e, ao mesmo tempo, un maior número de cooperativas que prestan servizos de apoio ás mesmas. O número de cooperativas debería ter unha certa correlación co número de explotacións. Tomando como base os datos do censo agrario do INE do ano 2020 confírmase que en A Coruña hai 20.992 explotacións agrarias, 23.556 en Lugo, 13.191 en Ourense e 17.713 en Pontevedra. Este feito ratifícase, salvo a diferenza entre o número de cooperativas de A Coruña e de Lugo, onde poden intervir outros factores.

En todo caso, é moi importante diferenciar entre número de cooperativas e porcentaxe de participación de persoas agricultoras e gandeiras dunha provincia nas cooperativas. A existencia de máis cooperativas non supón, de xeito lineal, un maior compromiso e participación daquelas. Ademais, tamén deberá terse en conta a Superficie Agraria Útil (SAU) de cada provincia, pois a maior SAU teremos explotacións máis profesionais, con persoas agricultoras e gandeiras que viven exclusivamente da actividade agraria ou gandeira. Neste senso, segundo os datos do censo agrario do INE do ano 2020, A Coruña dispón de 169.597,1 hectáreas, Lugo dispón de 282.521,8 hectáreas, Ourense dispón de 83.042,4 hectáreas e Pontevedra 62.831,4 hectáreas. Se temos en conta a SAU, as explotacións máis profesionais deberían estar fundamentalmente nas provincias do norte de Galicia e con elas estarían as cooperativas que lles presten apoio. Este feito podería confirmarse, pois nestas provincias se sitúa a maior parte da cabana bovina de Galicia (máis do 80%), que case sería a totalidade, pero tamén hai unha importante presenza gandeira de bovino nas comarcas pontevedresas do Deza e Terra de Montes.

Por outra banda, a gandería intensiva ou gandería sen terra é tamén de importancia na provincia de Ourense e, aínda que en menor medida, en Pontevedra, o que confire relevancia a estas provincias en temas agrarios e gandeiros. Destaca Ourense ao concentrar gran parte da gandería sen terra de Galiza.

Xunto a esta especialización relacionada coa maior SAU, a reducida SAU das explotacións hortícolas e de viño tamén xeran un elevado número de explotacións nas provincias de Ourense e Pontevedra. Moitas explotacións de horta supoñen o ingreso principal destas persoas socias, pero non é tanto así nas explotacións de viño. Hai que ter en conta que a produción de viño para vinificación é a principal produción agrícola de Galicia, e está localizada fundamentalmente en Ourense e Pontevedra, en numerosas explotacións pequenas que non teñen na venda de uvas o único ingreso económico das persoas socias.

Outro aspecto a considerar é a permanencia no tempo das cooperativas constituídas nos anos 50 do anterior século e que estaban integradas nas Unións Territoriais de Cooperativas (UTECOS). Neste senso, probablemente o elevado número de cooperativas agrarias da provincia de A Coruña teña unha relación directa coa antiga UTECO, así como a vinculación viva e activa das mesmas coa Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, continuadora da orixinal UTECO, aínda que o volume económico que xestionan estas cooperativas e o compromiso das persoas socias sexa relativamente baixo.

Ao considerar ao concello como unidade territorial, Ourense é o municipio con maior número de cooperativas, un total de 20, seguido de Lalín, cun número moi similar, 18 cooperativas. Entre ambos concentran o 10% das cooperativas agrarias galegas. Nos restantes concellos, o número redúcese de maneira importante. O cadro 3 amosa aqueles concellos que contan con, polo menos, 5 cooperativas (Cadro 4).

| CADRO 4: Cooperativas agrarias por concello (2022) |        |            |
|--|--------|------------|
| Concello   | Número | Porcentaxe |
| Ourense (Ourense)                                  | 20     | 5,28%      |
| Lalín (Pontevedra)                                 | 18     | 4,75%      |
| Mazaricos (A Coruña)                               | 10     | 2,64%      |
| Monfero (A Coruña)                                 | 9      | 2,37%      |
| Santa Comba (A Coruña)                             | 8      | 2,11%      |
| Mesía (A Coruña)                                   | 8      | 2,11%      |
| Frades (A Coruña)                                  | 7      | 1,85%      |
| Silleda (Pontevedra)                               | 7      | 1,85%      |
| Friol (Lugo)                                       | 6      | 1,58%      |
| A Estrada (Pontevedra)                             | 6      | 1,58%      |
| Vilalba (Lugo)                                     | 5      | 1,32%      |
| Castro de Rei (Lugo)                               | 5      | 1,32%      |
| O Páramo (Lugo)                                    | 5      | 1,32%      |
| Dozón (Pontevedra)                                 | 5      | 1,32%      |
| Dumbría (A Coruña)                                 | 5      | 1,32%      |
| Tordoia (A Coruña)                                 | 5      | 1,32%      |
| Lugo (Lugo)  | 5      | 1,32%      |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

O motivo de que o concello de Ourense apareza no primeiro lugar con 20 cooperativas é que unha gran parte son de gandería sen terra vinculadas coa cooperativa de segundo grao Coren. Coren, conxuntamente coas cooperativas de primeiro grao e as empresas auxiliares que prestan apoio ás mesmas, é a principal empresa da provincia de Ourense, a primeira empresa agroalimentaria galega, e unha das máis importantes de España. Se temos en conta o número de persoas socias e traballadoras directas e indirectas relacionadas (a cooperativa informa sobre 7.000 familias), así como o importante volume económico das cooperativas e empresas dependentes da matriz, Coren é a primeira cooperativa de España e ocupa un lugar destacado dentro das cooperativas agrarias de Europa.

En relación con Lalín, concello cunha moi destacada produción de leite (entre os tres primeiros de Galicia), o número de cooperativas agrarias está directamente relacionado coa constitución, a finais dos anos 70 e principios dos 80 do século pasado, de numerosas asociacións parroquiais de persoas gandeiras de bovino que posteriormente se agruparon en cooperativas, pero que non lograron acadar o tamaño e a concentración empresarial doutras

comarcas gandeiras galegas. No resto dos concellos, as cooperativas sitúanse en concellos onde a gandería e a agricultura ten un peso moi elevado. Por tanto, son concellos claves no intre de entender o agro e a gandería en Galicia.

Finalmente, sería interesante valorar o nivel de compromiso das persoas agricultoras e gandeiras activas nos diferentes concellos coas cooperativas. Aínda que se pode intuír que posiblemente concellos como o de Cambados ou os concellos do val do Salnés sexan onde haxa un número relativamente maior de persoas agricultoras e gandeiras comprometidas na actividade económica e na participación financeira coa cooperativa, non dispoñemos de datos económicos e sociais das cooperativas por concellos.

#### 4. Antigüidade das cooperativas agrarias en Galiza

A maior parte das actuais cooperativas agrarias naceron na primeira década do século actual (37,20%). Por traxectoria, destacan as 35 cooperativas con máis de 50 anos de antigüidade.

| CADRO 5: Antigüidade das cooperativas (2022) |            |                |
|--|------------|----------------|
|  | Número     | Porcentaxe     |
| Antes 1970                                   | 35         | 9,23%          |
| Entre 1970 e 1979                            | 24         | 6,33%          |
| Entre 1980 e 1989                            | 57         | 15,04%         |
| Entre 1990 e 1999                            | 49         | 12,93%         |
| Entre 2000 e 2009                            | 141        | 37,20%         |
| 2010 en diante                               | 74         | 19,53%         |
| <b>Total</b>                                 | <b>379</b> | <b>100,00%</b> |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

As 35 cooperativas constituídas antes dos anos 70 son, en xeral, cooperativas creadas baixo un sistema de agricultura autárquica baixo o réxime franquista, salvo as constituídas a finais dos anos 60, cando xa comezaba a agromar unha clara demanda de resposta profesional empresarial dun emerxente colectivo agrícola que estaba a abandonar esa economía autárquica. Desta época dátanse as adegas cooperativas máis antigas así como unha

central leiteira ou un matadoiro. É moi destacable o esforzo de adaptación ao sistema democrático do 78 que tiveron que realizar estas cooperativas agrarias.

Dos anos 70 quedan en plena actividade as cooperativas impulsadas polos plans de desenvolvemento agrario a través dos chamados *planteles* que desenvolvían os Servizos de Extensión Agraria no rural galego, que xa comezaran a traballar cara a finais dos anos 60. Buscando a apertura da agricultura e gandería aos mercados era preciso ter un bo sistema de abastecemento de materias primas ás explotacións que aseguraran e incrementaran a súa produción. Este foi o motivo polo que nesta época xurdiron diversas cooperativas vinculadas co abastecemento das explotacións gandeiras, especialmente coa fabricación de pensos.

Sen lugar a dúbidas, o período de creación de cooperativas e entidades agrarias asociativas máis prolífico de Galicia foi a década dos 80. Xa en democracia, para evitar a mala imaxe das cooperativas fomentada polo anterior réxime, potenciouse a creación de numerosas asociacións de agricultores, entre as que se atopan as sociedades agrarias de transformación. Pese a isto, houbo moitas persoas agricultoras e gandeiras que xa coñecían a fórmula cooperativa e consideraban que era a ferramenta máis axeitada para desenvolver a súa actividade no mercado. Desta década destacan, ademais de asociacións e sociedades agrarias de transformación, moitas cooperativas relacionadas co vacún de leite e algunhas coa incipiente Denominación de Orixe Protexida Rías Baixas en viño.

Nos anos 90 desapareceron máis da metade das explotacións agrícolas e gandeiras galegas e o sector atopábase en constante reconversión e modernización para tratar de competir nos novos mercados. Isto provocou unha aceleración da desaparición de pequenas cooperativas e un redimensionamento no resto das mesmas. Produciuse a concentración de

cooperativas por simple absorción de persoas socias, moitas de xeito informal. A aprobación da Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia supuxo un enorme acicate para a reactivación do cooperativismo agrario en Galicia. A finais dos anos 90 e na primeira década do novo século continúa a concentración de cooperativas. Paralelamente, as Sociedades Agrarias de Transformación e Asociacións de Agricultores e Gandeiros constituídas a finais dos 70 e principios dos 80 son transformadas en cooperativas. Por iso, nesta primeira década deste século o número de cooperativas repunta en Galiza. Xa se trata de cooperativas situadas nun novo marco claramente de libre mercado e competitivo co resto de países da agora chamada Unión Europea, e orientado cara ao subministro de alimentos á poboación.

Boa parte das 141 cooperativas agrarias constituídas entre os anos 2000 e o 2009 son Cooperativas de Utilización de Maquinaria Agrícola (CUMAs). Segundo as estimacións de AGACA, posiblemente constituíronse máis de 70 CUMAs neste período. Esta clase de cooperativas prestan un servizo indispensable para a necesaria mecanización e tecnificación do agro galego, repartindo o esforzo inversor en grupos de 5 a 12 persoas socias de media.

Na segunda década deste século continúan as fusións de cooperativas. É a década das grandes fusións de cooperativas, das que xurdiron Clun e Aira. No caso dalgunha das citadas, máis de 20 cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación (SATs) e Asociacións dos anos 70, 80 e principios dos 90 están na súa orixe. Por tanto, as pequenas cooperativas que eran numerosas na primeira década do século desapareceron por integración noutra de maiores dimensións. Ademais deste feito, a desaparición do Sistema de Cotas Lácteas en abril do ano 2015 provocou a desaparición de moitas pequenas cooperativas que viñan realizando labores de compradoras de leite. Unido a todo o anterior, os fracasos de proxectos transformadores no sector lácteo (Grupo Lácteo Galego e

Alimentos Lácteos) tamén levaron á quebra a un número pequeno de cooperativas lácteas. Finalmente, en sentido contrario, cara finais desta segunda década do século XXI comezaron a aparecer novas cooperativas especializadas en produtos determinados ou en procesos específicos para a prestación de servizos a colectivos concretos de persoas agricultoras e gandeiras.

### 5. Tamaño medio

O 83,91% das cooperativas agrarias galegas son pequenas ou micro empresas. Estas últimas representan o 62,27% do total.

CADRO 6: Tamaño das cooperativas agrarias (2022)

|                                 | Número | Porcentaxe |
|---------------------------------|--------|------------|
| Grande (mais de 250 socios)     | 24     | 6,33%      |
| Mediana (entre 51 y 250 socios) | 37     | 9,76%      |
| Pequena (entre 10 y 50 socios)  | 82     | 21,64%     |
| Micro (menos de 10 socios)      | 236    | 62,27%     |
| Total                           | 379    | 100,00%    |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

No momento de constitución, moitas cooperativas teñen un número reducido de persoas socias, que co paso dos anos e o desenvolvemento da actividade vaise incrementando. Pero, ao mesmo tempo, o impacto da reestruturación do agro galego que impuxo a entrada de España no Mercado Común Europeo, fixo que se incrementara fortemente o número de persoas socias inactivas nas cooperativas, e incluso que moitas procedesen a darse de baixa, reducindo o número de persoas socias. Neste senso, no grupo máis numeroso de cooperativas con menos persoas socias atópanse as cooperativas de explotación comunitaria da terra (algunhas incluso de carácter familiar) e moitas CUMAs, como xa comentamos. Así mesmo, as novas cooperativas moi especializadas tamén forman parte deste colectivo de cooperativas con poucas persoas socias.

E importante destacar tamén a existencia de grandes cooperativas (6,33%), pois aínda que son reducidas en número son as máis

relevantes pola súa base social ao integrar ao 72,64% das persoas socias.

|                          | Número | Porcentaxe |
|--------------------------|--------|------------|
| Grande (Máis de 250)     | 16.819 | 72,64%     |
| Mediana (Entre 51 e 250) | 4.015  | 17,34%     |
| Pequena (Entre 10 e 50)  | 1.829  | 7,90%      |
| Micro (menos de 10)      | 490    | 2,12%      |
| Total                    | 23.153 | 100,00%    |

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

Talosos procesos de concentración de cooperativas iniciados a mediados dos anos 90, e continuados durante todo o século XXI, as cooperativas incrementaron fortemente o número de persoas socias. Hoxe en día varios grupos cooperativos engloban a miles de persoas agricultoras e gandeiras socias, algo impensable na década dos 80. Así, os grupos cooperativos como Coren, Clun e Aira agrupan a milleiros de persoas socias. Tamén é previsible que algunha cooperativa con menos de 250 persoas socias poida medrar, pero este tipo de acontecementos será cada vez máis puntual ou esporádico. O proceso que podemos agardar para os vindeiros anos é que cooperativas de máis de 250 persoas socias retrocedan e caian por debaixo deste número, o que non ten porque supoñer unha redución da súa actividade económica ou empresarial. Cada ano que pasa, as explotacións son máis grandes e as mesmas concentran gran parte dos activos produtivos das persoas agricultoras e gandeiras que abandonan a actividade, e isto repercute na masa social das cooperativas.

## 6. Sectores de actividade

A maior parte destas empresas realizan múltiples actividades coas súas persoas socias, e poderíamos situar unha empresa en máis dun sector de actividade. O habitual é que ofrezan servizos e subministros ás persoas socias de apoio á actividade principal. Como criterio seguido para dispor dunha imaxe que permita identificar a distribución sectorial optouse por situar cada cooperativa na actividade que corresponde coa súa actividade principal.

O sector lácteo é o que ten un maior número de cooperativas (30,57%) seguido polo de servizos e subministros (17,20%) que, en moitos casos están relacionados tamén co sector lácteo.

| Sector                  | Número | Porcentaxe |
|-------------------------|--------|------------|
| Lácteo                  | 48     | 30,57%     |
| Servizos e Subministros | 27     | 17,20%     |
| CUMA                    | 25     | 15,92%     |
| Cárnico                 | 23     | 14,65%     |
| Hortofrutícola          | 14     | 8,92%      |
| Fabricación de pensos   | 10     | 6,37%      |
| Vitivinícola            | 10     | 6,37%      |
| Total                   | 157    | 100,00%    |

Fonte: Base de datos SAVES

Nota: O número total de cooperativas procede da revisión das memorias depositadas no ano 2020. Trátase das cooperativas con contas depositadas en cada un dos 5 exercicios anteriores, que ademais detallan a actividade cooperativizada que realizan.

A actual situación sectorial, consecuencia do proceso histórico xa comentado, levou a que o número de cooperativas fose reducíndose drasticamente ano tras ano, especialmente nos sectores máis afectados: o sector lácteo e o sector cárnico. Ambos sectores cun elevado número de cooperativas non acabaron avanzando no seu peso relativo en relación con outros operadores constituídos baixo outras figuras xurídicas. Sen embargo, na gandería intensiva o peso relativo das cooperativas saíu reforzado co paso das últimas décadas. Así, as cooperativas galegas incrementaron peso relativo nos sectores de carne de ave, carne de porcino e carne de coello, que medraron moi por encima doutras formas xurídicas e xa teñen un peso superior ao 50% en Galicia nos citados sectores.

No sector vitivinícola desapareceron algunhas cooperativas dos anos 60, pero se crearon máis cooperativas e máis numerosas xa nos anos 90 e primeira década deste século. A produción de viño en Galicia é un sector crecente e en desenvolvemento nestas últimas catro décadas. O peso das adegas cooperativas en relación co peso do resto dos operadores do sector tamén sae reforzado co paso das



décadas, e hoxe achéganse ao 35% do sector vitivinícola galego, algo impensable nos anos 70.

No sector de fabricación de pensos, a pesar de que o número de cooperativas se reduciu, o peso económico do conxunto do sector incrementouse dende hai varias décadas. É dicir, hai menos cooperativas pero cun maior peso sectorial en relación ás empresas de capital en fabricación de pensos. De feito, hai quen afirma que as cooperativas xa representan preto do 60% dos pensos fabricados en Galicia. Este mesmo efecto tamén sucedeu especialmente nos subministros e servizos, cun peso moi importante e crecente no subministro de fertilizantes e materiais especializados para a produción (plásticos, fitosanitarios, zosanitarios, material de limpeza,...).

### 7. Emprego nas cooperativas agrarias

A estimación do emprego xerado polas cooperativas debe realizarse sempre con bastante cautela, por varios motivos:

- 1) As cifras recollidas nas memorias depositadas no rexistro non inclúen sempre o número de empregados.
- 2) No caso das cooperativas de segundo grao non é posible identificar que empregos forman parte da cooperativa de primeiro grao e cales forman parte das de segundo grao. Neste caso optamos por centrarnos só nas cooperativas de primeiro grao para evitar duplicidades.
- 3) Unha cifra máis realista do emprego nas cooperativas agrarias debería incluír ás persoas socias, pois na maior parte dos casos exercen a súa actividade de xeito autónomo. De entrada, podería pensarse na posibilidade de agregar a suma simple das persoas empregadas e socias. Sen embargo, non dispomos de información sobre as características das segundas para determinar en que medida a súa

participación na cooperativa é a fonte principal de ingresos e, polo tanto, de ocupación.

Con estas consideracións previas, e traballando coa información do Rexistro do ano 2020 e tamén coa información recompilada por SAVES, as cooperativas agrarias (incluídas as cooperativas de explotación comunitaria da terra) proporcionaron emprego a un total de 1.531 persoas asalariadas, das cales 940 foron contratadas por tempo indefinido e un total de 206 asinaron un contrato temporal. En termos relativos, os contratos fixos representaron 2/3 partes do total.

Maioritariamente os contratos foron realizados máis con homes (843) que con mulleres (548), representando estas un 39,4%. A proporción de mulleres descende ao 33,0% nos contratos fixos, e sobe ao 43,6% nos contratos temporais.

Se relativizamos o número de empregos polo número de persoas socias, podemos estimar cal é o factor multiplicador da constitución de cooperativas sobre o volume de emprego. Para o total de cooperativas, observamos que por cada cen persoas socias se crean 8,4 empregos directos na cooperativa. Este factor é maior no caso dos socios homes. Por cada cen socios varóns, existen 8,6 empregos masculinos. No caso das mulleres, o factor redúcese a 6,4. As diferencias son coherentes coa maior presenza relativa de homes no emprego (cadro 9).

O cadro 10 permite comprobar que a metade do emprego está concentrado en catro cooperativas: 741 empregos do total de 1.443. A outra metade está ocupada en cooperativas con menos de 50 persoas empregadas. Tamén debemos destacar que nun 56,4% das cooperativas non consta que teñan emprego asalariado. A información dispoñible non permite discernir con exactitude se este dato é consecuencia de que efectivamente non existe persoal contratado, ou simplemente que non se está subministrando na información nas memorias. Por outra banda, debemos ter en conta que nos datos subministrados non se

recollen os contratos laborais ligados coas sociedades de capital propiedade maioritaria das cooperativas.

Debemos mencionar que a cifra do total de empregos difire bastante da estimación realizada por AGACA (2019)<sup>1</sup>. Neste documento apúntase que o número de empregos nas cooperativas situaríase nos 2.320 empregos, moi superior aos 1.443 empregos do Cadro 10. Posiblemente a diferenza sexa consecuencia da falta de información relevante no Rexistro de Cooperativas de Galicia, e mesmo á

confusión que provocan as sociedades de capital propiedade das cooperativas, moitas delas con actividades transformadoras e comercializadoras de importancia económica e laboral. Hai varios casos de cooperativas sen persoas traballadoras en plantilla, pero nas que as sociedades de capital da súa propiedade suman máis dun cento delas. En todo caso, entre as cooperativas e as sociedades de capital da súa propiedade, o número de persoas traballadoras está na contorna dos 6.000 empregos.

| CADRO 9: O emprego nas cooperativas agrarias (2020) |        |          |       |                        |
|---|--------|----------|-------|------------------------|
|   | Total  | Mulleres | Homes | Proporción de mulleres |
| Persoas asalariadas                                 | 1.531  | 548      | 843   | 39,4%                  |
| Persoal fixo  | 940    | 269      | 547   | 33,0%                  |
| Persoal laboral temporal                            | 206    | 41       | 53    | 43,6%                  |
| Persoas socias das cooperativas                     | 18.253 | 8.507    | 9.746 | 46,6%                  |
| Emprego por cada 100 persoas socias                 | 8,4    | 6,4      | 8,6   |                        |

Fonte: Base de datos SAVES

Notas:

1. Información recompilada tanto de SAVES como do Rexistro para un total de 250 Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra.
2. No total de socios están excluídos os socios institucionais.
3. O valor dos totais non sempre coincide cos parciais, porque existen casos onde se proporciona o total, pero non se desagrega por sexo.

| CADRO 10: Distribución do emprego por tamaño da cooperativa (2020) |                    |                          |                                 |                            |
|--|--------------------|--------------------------|---------------------------------|----------------------------|
|  | Nº de cooperativas | Nº de persoas empregadas | % de cooperativas sobre o total | % de emprego sobre o total |
| Máis de 100  | 4                  | 741                      | 1,6%                            | 51,4%                      |
| Entre 51 e 100   | 0                  | 0                        | 0,0%                            | 0,0%                       |
| Entre 10 e 50  | 18                 | 379                      | 7,2%                            | 26,3%                      |
| Menos de 10  | 87                 | 323                      | 34,8%                           | 22,4%                      |
| Sen persoas empregadas/ sen información                            | 141                | 0                        | 56,4%                           | 0,0%                       |
| Totais   | 250                | 1.443                    | 100,0%                          | 100,0%                     |

Fonte: Base de datos SAVES

## 8. Síntese de principais resultados

Como comentarios finais das cifras básicas do cooperativismo agrario galego, destacamos:

- SAVES estima que o número de cooperativas agrarias que operaron regularmente no ano 2020 puido ascender a 221 empresas.
- As dúas provincias do norte da comunidade concentran a maior parte das cooperativas agrarias galegas.
- As cooperativas agrarias teñen sede social na metade dos concellos galegos. Existen cooperativas en 149 dos 315 municipios de Galiza (47,3%), pero posiblemente non exista ningún concello en Galicia onde non haxa unha persoa socia de cooperativas, cando hai cooperativas que teñen persoas

<sup>1</sup> Plan Estratégico do Cooperativismo Agroalimentario Galego 2020-2030. AGACA. Santiago de Compostela. Depósito Legal: C1547-2020

- asociadas residindo en máis de trinta concellos galegos.
- 25 cooperativas agrarias galegas teñen máis de 50 anos, e 141 foron creadas na primeira década deste século.
  - A maior parte das cooperativas agrarias son empresas pequenas ou microempresas.
  - As cooperativas atópanse na maior parte das actividades que tradicionalmente se levan a cabo no agro galego.
  - Por cada cen persoas socias que constitúen unha cooperativa agraria, mantéñense polo menos 8,4 empregos directos.

\* Pódese acceder a todas as táboas estatísticas contidas neste informe dende a páxina web do Proxecto SAVES: <https://saves.uvigo.gal/Estatisticas/>

\* A elaboración deste informe enmárcase no programa de actuación 2022 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.